



Alegría, é a Pascua

Cantade, é festa, chegou a Pascua. Gritade: Aleluia!, Alegría! porque Xesús vive, resucitou.

Pódelo atopar cada domingo na festa que celebramos os cristiáns, na eucaristía, na Palabra que nos regala e na comunidade ao reunirmos todos.

É a Pascua, o paso de Deus polo noso mundo, curando as feridas, sementando esperanza, ten cara de necesitado, achégasenos mendigando pan ou compañía.


Aleluia, alegría, Cristo vive, resucitou Xesús, connosco camiña.



EDITAN:
 · Santo Cristo da Milagrosa
 · Santo Cristo da Paz
 · Cristo da Mocidade

· Santo Cristo da Milagrosa
 · Santo Enterro (San Cristovo)
 · Nª Sª das Dores

COLABORAN:



“Aí tes ao teu Fillo.
 [...] Aí tes á túa Nai”

(Xn 19, 26-27)

Nosa Señora
do Composanto
Cemiterio de
Carballo

SEMANA SANTA
 2 AO 9 DE ABRIL
 CARBALLO 2023

Sacramento da Penitencia

"Confesar os pecados mortais ao menos unha vez ao ano".

Durante toda Semana Santa haberá confesores dispoñibles na Capela do Perdón, que habilitamos na Igrexa parroquial con materiais para o exame de conciencia. Horario de confesións: todos os días ás 20:00 hs. e os xoves de 12:00 hs a 13:00 hs.

Comuñón aos enfermos

Rogamos nos avisen dos enfermos e maiores que non poden saír da casa para levarlles a Comuñón Pascual. A Misa dos enfermos, e Celebración Comunitaria da Unción dos Enfermos, será o sábado día 6 de maio ás 17 hs, como clausura da Semana da Familia.

Tamén habrá Misa con celebración da Santa Unción o día 11 de abril na Capela de Lourdes de Xoane, na Residencia de Maiores "Domusvi" e no Centro de Día de Cáritas

Confrades e costaleiros

Se queres facerte confrade ou colaborar coma costaleiro axudando a portar algunha das imaxes na Procesión do Venres Santo, podes informarte no Despacho Parroquial, a través do 981756726 ou do correo parroquiacarballo@archicompostela.org



Actos previos á Semana Santa

- | | |
|-------------------|---|
| Do 24 ao 31 marzo | Septenario de Nª Sª das Dores
19,30 hs. Igrexa parroquial |
| 28 de marzo | Viacrucis da Caridade e Misa
20,00 hs. Misa por voluntarios, colaboradores e usuarios de Cáritas |
| 31 de marzo | Venres de Dores
20,00 hs. Misa de Nª Sª das Dores e admisión de novos confrades |
| 1 de abril | Celebración da Penitencia
12,00 hs. para confirmandos e nenos do catecismo. |
| | Pregón de Semana Santa
20,00 hs. Pregón de Semana por D. Manuel Blanco, Párroco de Pastoriza e Delegado de Medios de Comunicación do Arcebisado, e recital de Música Sacra pola Coral de Bergantiños e Corais invitadas |

Actos de Semana Santa

2 abril

Domingo de Ramos

12,00 hs. no adro igrexa de Carballo: Bendición de ramos, procesión do paso do Santo Cristo da Paz (Borriquiña) ata San Cristovo e alí Misa de Ramos .

12,30 hs. Misa na Igrexa Parroquial

Tamén haberá Misa e Bendición de Ramos nas Misas de: 9,00 Brea, 10,00 Monxas, 10,00 Goiáns, 18,00 Sisamo, 20,00 Igrexa Parroquial

3 abril

Luns Santo

20,30 hs. Via Crucis e retiro espiritual preparatorio para a Pascua

4 abril

Martes Santo

20,30 hs. Misa polos confrades falecidos e oración de todos os membros das confrarías

5 abril

Mércores Santo:

20,00 hs. Celebración Comunitaria da Penitencia (confesións)

6 abril

Xoves Santo

19,00 hs. Misa da Cea do Señor (lavatorio dos pés) na igrexa parroquial

22,00 hs. Via Crucis (saída da Capela Milagrosa)

23,00 hs. Hora Santa

Haberá tamén celebracións: 9,15 Brea, 18,30 Monxas, 10,00 Goiáns, 11,15 San Cristovo, 17,00 Sisamo

7 abril

Venres Santo

9,00 hs. Via Crucis

19,30 hs. Celebración da Paixón e Adoración da Cruz

21,00 hs. Procesión coas imaxes do Cristo da Mocidade, Santo Cristo da Milagrosa, Santo Enterro (San Cristovo), e Nª Sª das Dores. Rematará na praza do Concello cunha oración.

Haberá tamén celebracións: 9,00 Brea, 10,00 Goiáns, 18,30 Monxas, 19,15 San Cristóbal, 17,00 Sisamo.

8 abril

Sábado Santo

23,00 hs. Solemne Vixilia Pascual

Haberá tamén celebracións: 16,00 Brea, 17,00 Goiáns, 18,00 Sisamo, 18,30 Monxas, 19,00 San Cristovo

9 abril

Domingo de Pascua

12,30 hs. Misa de Pascua de Resurrección e Bautismos, e Bendición desde o adro da igrexa parroquial con Cristo vivo e resucitado no Santísimo Sacramento

16 abril

II Domingo de Pascua.

Domingo da Divina Misericordia

12,30hs. Ofrenda floral e oración ante a imaxe "Mater Misericordiae" do Adro Parroquial.